

# CIENCIAS

## APRENDER CIENCIAS SOCIAIS

Nos primeiros meses do 2017 desaparecían dous dos científicos sociais máis influentes das últimas décadas: Zygmunt Bauman e Tzvetan Todorov. Os dous sufriron en carne propia o totalitarismo e o desprazamento forzoso e dedicaron a súa vida a investigar e dar testemuño sobre a construción da identidade e da alteridade, a globalización, os totalitarismos e a memoria dos pasados traumáticos. As persoas que intervimos neste monográfico da Revista Galega de Educación queremos recoñecer a débeda intelectual e moral con Todorov, Bauman e outros intelectuais que usaron as ciencias sociais para analizar criticamente as sociedades e construír formas de vida pacíficas, equitativas e respectuosas coa diversidade.

Este monográfico "Aprender ciencias sociais" constrúese a partir da investigación e a innovación educativa en ciencias sociais desenvolvidas no contorno do Grupo de Investigación RODA, con sede no Departamento de Didácticas Aplicadas da Universidade de Santiago, xunto coa valiosa colaboración de profesorado de educación infantil, primaria e secundaria. A súa intención é contribuír á mellora da ensinanza das ciencias sociais desde a educación infantil ata a universidade.

O monográfico ábrese cun estado da cuestión da investigación e a innovación educativa no ensino das ciencias sociais en Galicia, realizado por Ramón López Facal, coordinador do Grupo de Investigación Roda. Xosé Armas e María José Iglesias defenden o papel das ciencias sociais na educación infantil para axudar aos estudantes a recoñecerse, explorar o mundo e practicar a cidadanía. Andrés Domínguez aborda o uso das paisaxes próximas nas aulas de educación primaria e na formación dos mestres, especialmente aquelas paisaxes que suscitan visións confrontadas, como as que teñen relación coa Guerra Civil. Dous traballos centran a atención na educación secundaria. O primeiro da autoría de Tania Riveiro ocúpase de analizar o proceso de difusión do ProxectoTerra en varios centros de educación secundaria de Galicia e os efectos sobre a construción da identidade territorial dos estudantes. O outro, asinado por Francisco Armas, Francisco Rodríguez Lestegás e Carlos Macía analiza as posibilidades dos sistemas de información xeográfica (SIX) para a análise do territorio. Xosé Armas, Ana Moreira e Santiago Prego ofrecen reflexións teóricas e experiencias prácticas sobre o papel central das narrativas históricas nas aulas de educación primaria e bacharelato de Portugal e Galicia. Para rematar, Belén Castro e Ramón López Facal abordan o papel do patrimonio fóra das aulas como un factor clave de construción de identidades sociais.

E como é habitual incorporamos un "Para saber máis", para que facilite, xunto coas presentes contribucións, seguir reflexionando e abrindo rutas neste ámbito. ■

Xosé Armas Castro, Ramón López Facal e Francisco Rodríguez Lestegás

Coordinadores do monográfico

# PARA O BE

S O C I A I S



E N C O M Ú N